



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Con data 26/05/2025, o alcalde D. Eduardo José Parga Veiga ditou a resolución núm. 293/2025 que se reproduce a continuación:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DURANTE O MES DE MARZO DE 2025

EXPEDIENTE: 2025/X999/000153

FEITOS:

1. Visto o listado confeccionado polo Departamento de Servizos Sociais, comprensivo dos usuarios do Servizo de Axuda no Fogar durante o mes de marzo de 2025.
2. Examinado o padrón fiscal dos usuarios obrigados ao pagamento da prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de marzo de 2025, realizado polo Departamento de Recadación deste Concello.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

- Artigos 62.3 e 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.
- Artigo 68 do R.D. 939/2005, do 29 de xullo, regulamento xeral de recadación.
- Ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio.

Logo de ver o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 24 do R.D.L. 781/1996, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

1. Aprobar as liquidacións de cobro por recibo do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar, correspondentes ó período de liquidación do mes de marzo de 2025.

CONCEPTO	LIQUIDACIÓN
PREZO PÚBLICO AXUDA A DOMICILIO	10.179,82

2. Expoñer ó público tódolos datos incorporados ó padrón que se aproba, mediante edicto que se debe publicar no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación. Esta exposición, por prazo de quince días dende a correspondente publicación, servirá de notificación colectiva a tódolos contribuíntes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

3. Establecer o prazo de cobramento en período voluntario que abranguerá dende o día 16 de xuño de 2025 ata o día 18 de agosto de 2025, ao abeiro do establecido no artigo 62 da Lei 28/2003, do 17 de xaneiro, Xeral Tributaria.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. alcalde, Eduardo J. Parga Veiga, ante min, a secretaria, M^a Loreto López Fernández, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo)”.

Contra as liquidacións incorporadas ó padrón tódolos interesados poderán interpor RECURSO DE REPOSICIÓN ante esta Alcaldía, segundo o disposto no artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte ó remate da exposición ó público do padrón. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes, agás que se solicite a suspensión e se presente garantía nos termos establecidos no apartado i) do precepto anteriormente mencionado. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo de un mes dende a súa interposición. Contra a desestimación presunta do recurso poderase interpor RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses, dende a notificación da resolución expresa, ou de seis meses dende que se produza a desestimación presunta, tal como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se estime conveniente.

Asinado dixitalmente
O alcalde
Eduardo José Parga Veiga